

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27007259	IES Río Cabe	Monforte de Lemos	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Tecnoloxía e Dixitalización	1º ESO	3	105

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	18
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	22

1. Introducción

Contextualización:

A presente programación elaborouse para ser impartida no IES Río Cabe na localidade de Monforte de Lemos, na provincia de Lugo. Trátase dun centro público pertencente á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Foi construído nesta cidade no ano 1965, sendo o curso 1965-66 o primeiro ano do seu funcionamento, cunha capacidade de 400 alumnos. Estivo dependendo do Instituto masculino de Lugo durante os dous primeiros anos do seu funcionamento. Entrou en funcionamento o edificio actual no curso 1972.

Actualmente, o centro conta con un ciclo formativo de grao superior de guía, información e asistencia turística en réxime de adultos e modular; ademais do grao medio das ensinanzas técnico deportivas na especialidade de fútbol. Conta con 10 unidades da ESO; unha delas consiste nun programa de diversificación curricular en 3º da ESO. Tamén existen dúas aulas de apoio debido a presenza de alumnado con necesidades educativas especiais principalmente en 1º e 2º da ESO.

No que respecta ao Bacharelato a oferta limitase ás modalidades de Ciencias e Tecnoloxía, Humanidades e Ciencias Sociais e Bacharelato Xeral, tanto no réxime xeral coma no de adultos. Ademais tamén se pode cursar a Educación Secundaria para persoas adultas. A dotación de recursos é suficiente, dado que posúe biblioteca con acceso a internet, tres aulas de informática con 24, 28 e 15 ordenadores respectivamente e as aulas de Bacharelato e ESO dispoñen dun ordenador e un proxector.

O municipio de Monforte sitúase nas chairas e depresións da Galicia centro-oriental. O seu marco físico aparece definido por unha fosa tectónica do Terciario: a depresión de Lemos que se prolonga por Bóveda, O Saviñao, Pantón, Sober, Pobra do Brollón e Ribas de Sil, terras que conforman a denominada comarca do Val de Lemos. A devandita fosa xurdiu como resultado da fraturación das rochas ríxidas (lousas, xistos, gneis e cuarcitas) consolidadas no Carbonífero (hai 300 millóns de anos) creando unha sucesión de bloques de materiais elevados xunto con outros afundidos. A bacía de Monforte orixinouse polo recheo de sedimentos dun destes bloques, que se elevou menos con respecto a outros circundantes a maior altitude. Eses sedimentos proviñeron dos materiais erosionados nos bloques circundantes elevados.

A altitude do concello é de 363 metros sobre o nivel do mar. A evolución da súa paisaxe está moi influenciada pola acción erosiva dos ríos durante os últimos millóns de anos, especialmente polo río Cabe que drena toda a cunca. O seu clima encádrase dentro do dominio oceánico-continental, caracterizado por unha temperatura media anual moderada, baixas precipitacións e unha considerable oscilación térmica. A estación máis chuviosa é o outono e os veráns son secos e calorosos. As xeadas e as néboas son moi frecuentes no inverno no val.

Falando en termos demográficos, hai que sinalar que se trata dunha localidade de tamaño medio, situada no interior e con abundantes recursos naturais e artificiais. A maior parte da poboación adícase a actividades relacionadas coa agricultura, a gandería ou a hostalería e o turismo. A maior parte dos servizos cos que conta a localidade están no centro urbano. Este concello ten unha extensión de 202 Km² e 18.242 habitantes distribuídos en 26 parroquias, segundo os datos fornecidos polo INE a 1 de xaneiro de 2021. É a segunda vila en número de habitantes da provincia de Lugo por detrás da capital.

Ademais dos dous centros educativos de ensino primario adscritos a este instituto, neste Concello hai outros dous IES, un deles ubicado nos arredores.

Presentación da materia:

A materia Tecnoloxía e Dixitalización é a base para entender os profundos cambios que se están a producir na sociedade do século XXI. Un dos seus obxectivos máis inmediatos é acadar destrezas de natureza cognitiva, procedimental e actitudinal desde o pensamento crítico.

Este enfoque está relacionado co uso da tecnoloxía coma instrumento responsable e sustentable de todos os recursos que nos ofrece o planeta, de cara a producir o mínimo impacto posible no medio natural.

Así, grazas a esta materia, os alumnos non só asimilarán novos contidos de teor científico-tecnolóxico, senón que tamén serán quen de adquirir valores coma o compromiso social, o respecto entre as persoas, a participación activa no traballo cooperativo, así coma a valorización do traballo propio.

A tecnoloxía entendida coma o conxunto de coñecementos e técnicas que permiten o aproveitamento práctico de contidos científicos, contribúe para a consecución dun perfil competencial do alumnado instrumental e multidisciplinar. Ao final do Ensino Secundario Obrigatorio, todo o alumnado que logre este perfil estará en condicións de alcanzar uns obxectivos de etapa esenciais para afrontar os retos tecnolóxicos actuais e do futuro.

Para iso, esta materia organízase en cinco bloques:

1- O proxecto tecnolóxico: fai de eixo vertebrador de toda a materia. Trata o desenvolvemento de habilidades e métodos que permitan avanzar desde a identificación dun problema técnico ata a solución construtiva do mesmo. Todo iso tendo en conta a optimización de recursos e de solucións.

2- Deseño e fabricación: implica o desenvolvemento de habilidades no tocante á interacción persoal coas ferramentas dixitais para deseñar obxectos que resulten ser a mellor solución para unha necesidade ou un problema tecnolóxico dado.

3- Elementos de máquinas, sistemas e robots: contempla a realización de proxectos que supoñan a posta en marcha de accións que inclúan estratexias sostibles, incorporando un punto de vista ético da tecnoloxía coa intención de solucionar problemas sociais desde a transversalidade.

4- Programación, control e robótica: abrangue os fundamentos de algorítmica no deseño e formulación de aplicacións informáticas sinxelas para ordenador e dispositivos móbiles, continuando coa automatización programada de procesos, coa conexión de obxectos cotiás a internet e á robótica.

5- Documentación e comunicación dixital: enfocado á configuración, axuste e mantemento de equipos e aplicacións, con vista a que sexa útil para o alumnado e poida optimizar a súa capacidade para o denominado "aprendizaxe ao longo da vida".

O carácter esencialmente práctico da materia e o enfoque competencial do currículo, require metodoloxías específicas que o fomenten, sendo a resolución de problemas baseada no desenvolvemento de proxectos, a implementación de sistemas tecnolóxicos eléctricos, mecánicos e robóticos, a construción de prototipos e outras estratexias as que favorezan o uso de aplicacións dixitais para o deseño, a simulación, o dimensionado, a comunicación ou a difusión de ideas ou solucións apropiadas ás necesidades ou problemas propostos.

Do mesmo modo, a aplicación de diferentes tácticas d traballo complementarias entre si, así como a diversidade de situacións de aprendizaxe que interveñen na materia, posibilitan a participación dos alumnos cunha visión integral da disciplina, reducindo a fratura dixital e de xénero, prestando especial atención á desaparición de estereotipos que dificultan a adquisición de competencias dixitais en condicións de igualdade.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar e seleccionar a información adecuada proveniente de diversas fontes, de maneira crítica e segura, aplicando procesos de investigación, métodos de análise de produtos e experimentando con ferramentas de simulación, para definir problemas tecnolóxicos e iniciar procesos de creación de solucións a partir da información obtida.	3		2	1-4	4		1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Abordar problemas tecnolóxicos con autonomía e actitude creativa, aplicando coñecementos interdisciplinarios e traballando de forma cooperativa e colaborativa, para deseñar e planificar solucións a un problema ou necesidade de forma eficaz, innovadora e sostible.	1		1-3	3	3-5		1-3	
OBX3 - Aplicar de forma apropiada e segura distintas técnicas e coñecementos interdisciplinarios utilizando operadores, sistemas tecnolóxicos e ferramentas, tendo en conta a planificación e o deseño previo para construír ou fabricar solucións tecnolóxicas e sostibles que dean resposta a necesidades en diferentes contextos.			2-3-5	5	1		3	3
OBX4 - Describir, representar e intercambiar ideas ou solucións a problemas tecnolóxicos ou dixitais, utilizando medios de representación, simboloxía e vocabulario axeitados, así como os instrumentos e os recursos dispoñibles, e valorando a utilidade das ferramentas dixitais para comunicar e difundir información e propostas.	1		4	3				3-4
OBX5 - Desenvolver algoritmos e aplicacións informáticas en distintas contornas, aplicando os principios do pensamento computacional e incorporando as tecnoloxías emerxentes, para crear solucións a problemas concretos, automatizar procesos e aplicalos en sistemas de control ou en robótica.		2	1-3	5	5		3	
OBX6 - Comprender os fundamentos do funcionamento dos dispositivos e aplicacións habituais da súa contorna dixital de aprendizaxe, analizando os seus compoñentes e funcións e axustándoos ás súas necesidades para facer un uso máis eficiente e seguro destes e para detectar e resolver problemas técnicos sinxelos.		2		2-4-5	4-5			
OBX7 - Facer un uso responsable e ético da tecnoloxía, mostrando interese por un desenvolvemento sostible, identificando as súas repercusións e valorando a contribución das tecnoloxías emerxentes para identificar as achegas e o impacto do desenvolvemento tecnolóxico na sociedade e na contorna.			2-5	4		4		

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O método de proxectos	Definición de tecnoloxía, relación coa ciencia e a técnica. As fases do proxecto tecnolóxico. Normas de seguridade e saúde	10	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O método de proxectos	no taller. Tecnoloxía e medioambiente.	10	10	X		
2	Expresión e comunicación de ideas	Boceto, croquis e plano. Materiais de debuxo técnico. Vistas dun obxecto. Acotación. Introdución ao deseño dixital.	15	15	X		
3	Os materiais de uso técnico	Tipos de materiais mais as súas propiedades. A madeira e os metais. Os plásticos e os materiais textis. Os materias pétreos e de construción.	22	22	X	X	
4	Estruturas	Forzas e esforzos. Definición de estrutura e tipos de estruturas. Propiedades que deben cumprir as estruturas.	10	12		X	
5	Circuitos eléctricos	Corrente eléctrica e magnitudes eléctricas. Circuitos eléctricos. Lei de Ohm. Potencia e enerxía eléctrica.	12	14		X	X
6	Hardware e software	Partes dun computador. Hardware e Software. Sistemas operativos: Linux	10	10			X
7	Internet e seguridade informática	Concepto de Internet. Facer buscas na rede. Publicación na rede. Manexo de internet de forma segura.	9	10			X
8	Pensamento computacional e programación	Conceptos básicos de programación. Deseño de algoritmos e diagramas de fluxo. Manexo de diferentes aplicacións de programación: Scratch.	12	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O método de proxectos	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Definir problemas ou necesidades expostas, buscando e contrastando información procedente de diferentes fontes de maneira crítica e segura e avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.	Identificar problemas e/ou necesidades e atopar a mellor solución aplicando as fases do proxecto tecnolóxico.	PE	90
CA1.2 - Comprender e examinar obxectos tecnolóxicos sinxelos de uso habitual a través da análise de obxectos e sistemas, empregando o método científico e utilizando ferramentas de simulación na construción de coñecemento.	Análizar funcionalmente os produtos tecnolóxicos.		

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Recoñecer a influencia da actividade tecnolóxica na sociedade e na sostibilidade ambiental identificando as súas achegas e repercusións e valorando a súa importancia para o desenvolvemento sostible.	Detectar o impacto da tecnoloxía na nosa sociedade.	TI	10
CA1.4 - Identificar as achegas das tecnoloxías emerxentes ao benestar, á igualdade social e á diminución do impacto ambiental, facendo un uso responsable e ético destas.	Consecuencias medioambientais da tecnoloxía.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias, técnicas e marcos de resolución de problemas en diferentes contextos e as súas fases. - Estratexias de procura crítica de información durante a investigación e a definición dos problemas expostos. - Análise de produtos e de sistemas tecnolóxicos sinxelos para a construción de coñecemento desde distintos enfoques e ámbitos. - Emprendemento, resiliencia, perseveranza e creatividade para abordar problemas desde unha perspectiva interdisciplinaria. - Desenvolvemento tecnolóxico: creatividade, innovación, investigación, obsolescencia e impacto social e ambiental. - Ética e aplicacións das tecnoloxías emerxentes. - Tecnoloxía sostible. Valoración crítica da contribución da tecnoloxía á consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS).

UD	Título da UD	Duración
2	Expresión e comunicación de ideas	15

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Idear e deseñar solucións eficaces, innovadoras e sostibles a problemas definidos, aplicando conceptos, técnicas e procedementos interdisciplinarios, así como criterios de sostibilidade, con actitude emprendedora, perseverante e creativa.	Deseñar obxectos sinxelos a man alzada	PE	100
CA2.2 - Seleccionar, planificar e organizar os materiais e as ferramentas, así como as tarefas necesarias para a construción dunha solución a un problema exposto, traballando individualmente ou en grupo de maneira cooperativa e colaborativa.	Recoñecer e utilizar correctamente os diferentes instrumentos de debuxo técnico.		
CA2.3 - Fabricar obxectos ou modelos sinxelos empregando ferramentas e/ou máquinas manuais axeitadas e respectando as normas de seguridade e saúde.	Obter as vistas dunha peza e acotala correctamente.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Diseñar e construír mediante ferramentas de fabricación dixital obxectos e modelos sinxelos, respectando as normas de seguridade e saúde.	Manexo de ferramentas de debuxo dixital.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas de representación gráfica para deseño de pezas utilizadas nos proxectos. Acoutamento e escalas. - Aplicacións CAD en 2D para a representación de esquemas, circuítos e planos sinxelos. - Iniciación ao deseño 3D. - Uso de materiais tecnolóxicos para a fabricación de obxectos ou modelos nun proxecto tecnolóxico e o seu impacto ambiental. - Uso e manipulación de ferramentas básicas. Técnicas de mecanización de materiais na construción de obxectos e prototipos. - Respecto das normas de seguridade e hixiene. - Introducción á fabricación dixital. Deseño e construción de pezas sinxelas con impresión 3D e/ou corte.

UD	Título da UD	Duración
3	Os materiais de uso técnico	22

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Seleccionar, planificar e organizar os materiais e as ferramentas, así como as tarefas necesarias para a construción dunha solución a un problema exposto, traballando individualmente ou en grupo de maneira cooperativa e colaborativa.	Coñecer os diferentes materiais de uso técnico mais as súas propiedades.	PE	30
CA2.1 - Idear e deseñar solucións eficaces, innovadoras e sostibles a problemas definidos, aplicando conceptos, técnicas e procedementos interdisciplinarios, así como criterios de sostibilidade, con actitude emprendedora, perseverante e creativa.	Elaborar o proceso de obtención de produtos tecnolóxicos aplicado a casos sinxelos.	TI	70
CA2.3 - Fabricar obxectos ou modelos sinxelos empregando ferramentas e/ou máquinas manuais axeitadas e respectando as normas de seguridade e saúde.	Elaboración de prototipos sinxelos no taller.		
CA2.4 - Diseñar e construír mediante ferramentas de fabricación dixital obxectos e modelos sinxelos, respectando as normas de seguridade e saúde.	Investigación de novos materiais e as súas aplicacións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas de representación gráfica para deseño de pezas utilizadas nos proxectos. Acoutamento e escalas. - Aplicacións CAD en 2D para a representación de esquemas, circuítos e planos sinxelos. - Iniciación ao deseño 3D. - Uso de materiais tecnolóxicos para a fabricación de obxectos ou modelos nun proxecto tecnolóxico e o seu impacto ambiental. - Uso e manipulación de ferramentas básicas. Técnicas de mecanización de materiais na construción de obxectos e prototipos. - Respecto das normas de seguridade e hixiene. - Introducción á fabricación dixital. Deseño e construción de pezas sinxelas con impresión 3D e/ou corte.

UD	Título da UD	Duración
4	Estruturas	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Diseñar e fabricar máquinas e sistemas empregando estruturas, mecanismos e circuítos eléctricos sinxelos que cumpran unha función determinada dentro do sistema resolvendo os problemas propostos.	Tipos de estruturas e as súas propiedades.	PE	60
CA3.2 - Montar sistemas de control e/ou robots sinxelos mediante a incorporación dos elementos necesarios para a resolución dos problemas propostos.	Simulación de estruturas sinxelas no taller.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estruturas para a construción de modelos. - Identificación de sistemas mecánicos básicos de transmisión e transformación do movemento: montaxes físicas e/ou uso de simuladores. - Electricidade básica para a montaxe de circuítos físicos ou simulados. Montaxe e/ou simulación de circuítos sinxelos con operadores eléctricos: xeradores, elementos de manobra ou control e receptores. Compoñentes básicos e simboloxía. - Deseño de sistemas que incorporen estruturas, mecanismos e circuítos eléctricos sinxelos para a resolución de problemas técnicos. Interpretación, deseño e aplicación en proxecto. - Compoñentes básicos e funcionamento dun sistema de control ou robot sinxelo: sensores, actuadores e controladores. - Montaxe de sistemas de control ou robots sinxelos para a resolución de problemas técnicos.

UD	Título da UD	Duración
5	Circuitos eléctricos	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Diseñar e fabricar máquinas e sistemas empregando estruturas, mecanismos e circuitos eléctricos sinxelos que cumpran unha función determinada dentro do sistema resolvendo os problemas propostos.	Resolución de circuitos eléctricos.	PE	60
CA3.2 - Montar sistemas de control e/ou robots sinxelos mediante a incorporación dos elementos necesarios para a resolución dos problemas propostos.	Montar circuitos sinxelos.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estruturas para a construción de modelos. - Identificación de sistemas mecánicos básicos de transmisión e transformación do movemento: montaxes físicas e/ou uso de simuladores. - Electricidade básica para a montaxe de circuitos físicos ou simulados. Montaxe e/ou simulación de circuitos sinxelos con operadores eléctricos: xeradores, elementos de manobra ou control e receptores. Compoñentes básicos e simboloxía. - Deseño de sistemas que incorporen estruturas, mecanismos e circuitos eléctricos sinxelos para a resolución de problemas técnicos. Interpretación, deseño e aplicación en proxecto. - Compoñentes básicos e funcionamento dun sistema de control ou robot sinxelo: sensores, actuadores e controladores. - Montaxe de sistemas de control ou robots sinxelos para a resolución de problemas técnicos.

UD	Título da UD	Duración
6	Hardware e software	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Describir, interpretar e deseñar solucións a problemas informáticos a través de algoritmos e diagramas de fluxo, aplicando os elementos e as técnicas de programación de maneira creativa.	Hardware.	TI	100
CA4.2 - Programar aplicacións sinxelas empregando os elementos de programación de maneira apropiada e aplicando ferramentas de edición.	Software		
CA4.3 - Automatizar procesos, máquinas e obxectos sinxelos, mediante a análise e a programación de robots e sistemas de control.	Aplicacións prácticas dos computadores.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Algorítmica e diagramas de fluxo. - Aplicacións informáticas sinxelas para ordenador. - Sistemas de control programado: uso de simuladores e programación sinxela de dispositivos. - Fundamentos da robótica: control programado de robots sinxelos de maneira física ou por medio de simuladores. - Autoconfianza e iniciativa: o erro, a reavaliación e a depuración de erros como parte do proceso de aprendizaxe.

UD	Título da UD	Duración
7	Internet e seguridade informática	10

Critérios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Representar e comunicar o proceso de creación dun produto desde o seu deseño ata a súa difusión, elaborando documentación técnica e gráfica coa axuda de ferramentas dixitais, empregando os formatos e o vocabulario técnico axeitados, de maneira colaborativa, tanto presencialmente como en remoto.	Manexo de sistemas operativos axeitados.	TI	100
CA5.2 - Facer un uso eficiente e seguro dos dispositivos dixitais de uso cotián na resolución de problemas sinxelos coñecendo os riscos e adoptando medidas de seguridade para a protección de datos e equipos.	Medidas de seguridade na rede.		
CA5.3 - Crear contidos, elaborar materiais configurando correctamente as ferramentas dixitais habituais da contorna de aprendizaxe, axustándoas ás súas necesidades e respectando os dereitos de autor e a etiqueta dixital.	Edición e publicación de contidos dixitais.		
CA5.4 - Organizar a información de maneira estruturada aplicando técnicas de almacenamento seguro.	Ferramentas de almacenamento de datos.		
CA5.5 - Adoptar medidas preventivas para a protección dos dispositivos, dos datos e da saúde persoal, identificando problemas e riscos relacionados co uso da tecnoloxía e facendo unha análise ética e crítica.	Ética e estética na rede.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario técnico apropiado.

Contidos

- Habilidades básicas de comunicación interpersonal. Pautas de conduta propias da contorna virtual, etiqueta dixital.
- Ferramentas dixitais para a elaboración de documentación técnica relativa a proxectos.
- Dispositivos dixitais. Elementos do hardware e do software. Identificación e resolución de problemas técnicos sinxelos.
- Ferramentas e plataformas de aprendizaxe: configuración, mantemento e uso crítico.
- Ferramentas de edición e creación de contidos: instalación, configuración e uso responsable.
- Propiedade intelectual e etiqueta dixital.
- Técnicas de tratamento, organización e almacenamento seguro da información. Copias de seguridade.
- Seguridade na Rede: riscos, ameazas e ataques.
- Medidas de protección de datos e información. Benestar dixital: prácticas seguras e riscos (ciberacoso, sextorsión, vulneración da propia imaxe e da intimidade, acceso a contidos inadecuados, adiccións...).

UD	Título da UD	Duración
8	Pensamento computacional e programación	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Describir, interpretar e deseñar solucións a problemas informáticos a través de algoritmos e diagramas de fluxo, aplicando os elementos e as técnicas de programación de maneira creativa.	Deseño de algoritmos sinxelos.	TI	100
CA4.2 - Programar aplicacións sinxelas empregando os elementos de programación de maneira apropiada e aplicando ferramentas de edición.	Manexo de Scratch.		
CA4.3 - Automatizar procesos, máquinas e obxectos sinxelos, mediante a análise e a programación de robots e sistemas de control.	Robótica básica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Algorítmica e diagramas de fluxo.
- Aplicacións informáticas sinxelas para ordenador.
- Sistemas de control programado: uso de simuladores e programación sinxela de dispositivos.
- Fundamentos da robótica: control programado de robots sinxelos de maneira física ou por medio de simuladores.
- Autoconfianza e iniciativa: o erro, a reavaliación e a depuración de erros como parte do proceso de aprendizaxe.

4.1. Concrecións metodolóxicas

De maneira xeral partírase da competencia inicial do alumnado, tendo en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe. Tamén se potenciarán as metodoloxías activas:

- Combinando o traballo individual e cooperativo
- Cun enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas
- Usando habitualmente as TIC
- Cun papel facilitador do profesor/a

Dentro das estratexias metodolóxicas, fomentárase:

- A memorización comprensiva
- A indagación e investigación sobre documentos, textos, prensa, etc.
- A elaboración de esquemas e resumos
- A análise de documentos, gráficos, mapas, táboas de datos
- A realización de comentarios de textos, gráficos, mapas
- A resolución de problemas
- O estudo de casos
- E simulacións empresariais

Para intentar levar a práctica estes principios metodolóxicos o meu Deseño da aprendizaxe estrutúroo en TRES fases:

1.- Fase inicial: O inicio de cada Unidade Didáctica, o profesor fará unha introdución á mesma, que incluírá os obxectivos a conseguir e comentará co grupo os coñecementos previos que podan ter sobre a materia, para detectar as ideas preconcebidas e motivar e despertar interés hacia o tema a través do diálogo cos alumnos/as.

2.- Fase directiva: Posteriormente se pasará a explicar os contidos conceptuais intercalando actividades de aprendizaxe, como poden ser realizar esquemas, mapas conceptuais, ou resolver exercicios e casos prácticos; limitándose o profesor a labores de coordinación e orientación, prestando especial atención os grupos de alumnos/as que teñan máis dificultades e propondo en caso de ser necesario actividades de reforzo ou ampliación. A finalidade das actividades é facilitar a comprensión e interpretación dos contidos conceptuais, e aplicar os coñecementos adquiridos a distintas situacións.

3.- Fase autónoma: Ao finalizar cada unidade didáctica, se proporán aos alumnos/as a resolución dalgunhas actividades que faciliten a mellor comprensión do tema e o seu estudo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Plataforma Edixgal
Material extra de elaboración propia do profesor
Materiais disponibles na aula taller
Libros de apoio
Recursos en rede complementarios

Durante este curso, o material de traballo e estudo será a plataforma Edixgal. O profesor seleccionara para cada unidade didáctica o material a disposición na devandita plataforma dixital e cando considere oportuno colgará ou botará man doutros materiais de elaboración propia en función das necesidades de aprendizaxe do alumnado. Os alumnos entregarán as tarefas esixidas polo profesor en formato dixital a través desta mesma plataforma.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase nas primeiras semanas do curso académico. O seu obxectivo é facilitar información sobre diversos aspectos do alumnado, tales como o seu coñecemento acerca das destrezas propias da materia e a detección de alumnado con posibles dificultades de aprendizaxe ou con capacidades superiores á media do grupo. Dita información servirá ó profesorado para programar as adaptacións necesarias, así coma as actividades de reforzo ou ampliación se fose necesario.

O método para obter a devandita información será mediante a observación do alumnado na aula. Tamén se pode propor a realización de certas tarefas prácticas co ordenador para avaliar os coñecementos informáticos do alumno.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	15	22	10	12	10	9	12	100
Proba escrita	90	100	30	60	60	0	0	0	44
Táboa de indicadores	10	0	70	40	40	100	100	100	56

Criterios de cualificación:

En cada avaliación faranse unha ou dúas probas escritas dependendo da duración do trimestre nas que se medirán os contidos conceptuais e procedementais. Ademais tamén se terán en conta as actitudes, asistencia, puntualidade, traballo na clase....

O baremo da nota de avaliación será o seguinte:

Probas escritas (exames)..... 40% da nota

As probas escritas poden constar de preguntas conceptuais sobre o temario, de cuestións de cálculo numérico, ou de ambos tipos de cuestións

Farase a media aritmética das probas escritas. Considéranse aprobadas éstas probas cando a nota final sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

- Se unha das probas ten unha nota inferior a 3 sobre 10, deberá ser recuperada.
- Se, por motivos de tempo ou outras consideracións, só fora posible a realización dun exame, aplícase o anterior sobre esta proba.
- Se nas probas fora necesario o uso de calculadora, esta pode ser revisada polo profesor
- O feito de que un alumno sexa collido copiando nun exame, poderá levar consigo que a avaliación á cal pertenza o exame, lle sexa cualificada como non superada coa nota mínima.

Actividades..... 40% da nota

- Realización das tarefas indicadas polo profesor que se deben realizar na aula o una aula de informática.
- Elaboración de traballos individuais ou en equipo tanto na aula coma na aula-taller ou incluso na aula de informática
- Resolución de follas de exercicios e actividades facilitadas polo profesor.

Observación do alumnado (participación, puntualidade).....20% da nota

- Cada falta de orde ou cada apercibimento resta.
- A participación e o respecto polos compañeiros e polo material suma

O sistema de baremación aquí indicado non exclúe que o profesor o poida modificar lixeiramente si se aprecian circunstancias que así o aconsellen, tales como poden ser o nivel inicial do/a alumno/a, as súas capacidades de aprendizaxe, etc.

Así, a nota final por cada avaliación será a suma de:

40% Probas escritas + 40 % Actividades entregadas + 20% Observación directa do alumnado = 100 %

- O alumnado que ten aprobadas as 3 avaliacións, calcularáselle a nota da avaliación final facendo a media aritmética das 3 avaliacións e redondeando o resultado o número enteiro máis cercano.

- Para os alumnos/as que teñan suspensas algunha das avaliacións faráselles ao longo do curso un exame de recuperación de cadansúa avaliación. Se aínda así non conseguen recuperarlas realizarase antes de que remate o curso unha proba final onde terán a posibilidade de recuperar aquela/s avaliación/s todavía pendentes.

- Os alumnos/as perden o dereito a avaliación continua no caso de abandonar a asignatura e neste caso aplicase o PROTOCOLO DE ABANDONO aprobado no centro e que figura no Proxecto Educativo. Segundo este protocolo considérase abandono se:

- O alumno/a non realiza as actividades ou traballos na clase, a pesar de ter actividades axeitadas ó seu nivel de competencia curricular.
- Non trae o material necesario para o normal desenvolvemento das actividades.
- Entrega os exames en branco de forma reiterada.
- Manifesta verbal e explicitamente o abandono da materia.
- Houver absentismo escolar sen xustificación.

Actuación por parte do profesor:

1.- O profesor informará o titor da actitude do/a alumno/a na materia e tratará de falar cos pais deste feito, explicándolles as consecuencias que dita actitude pode ter. Tamén se informará a Xefatura de Estudos de tal circunstancia.

2.- O terceiro aviso do profesor considerase que xa hai abandono.

O final do curso realizarase un Exame Final da materia, que será fixado pola Xefatura de Estudos. A esta proba deberá presentarse o alumno/a que perda o dereito á avaliación continua

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Probas escritas: 1 ou 2 exames por avaliación, nos que a materia avaliada nun non se avalía no outro.

- Traballos individuais: Realización de tarefas ou traballos escritos ben na aula ou ben feitos co ordenador.

- Traballos en grupo: Realizaranse proxectos prácticos no taller de tecnoloxía a non ser que por cuestións sanitarias sexa necesario substituílas por actividades individuais ou colaborativas sen contacto.

- Probas orais: Exposición de traballos individuais ou por grupo.

- Traballo na aula:

- Realización e corrección de problemas.
- Deseño inicial do proxecto
- Planeamento inicial dos traballos que deben facer

- Observación e rexistro:

- De non acudir a unha proba escrita, só se lle repetirá a mesma, a aqueles alumnos que presenten o mesmo día que se incorporan ao centro, xustificación médica ou de deber inescusable, de carácter público ou privado para a non asistencia a dita proba. A data da proba será fixada polo profesor da materia.
- Anotarase a actitude negativa do alumno durante o desenrolo de clase.
- Anotarase a actitude positiva cando, requirida a súa participación explícita ou voluntaria, nas actividades da aula a súa colaboración é absolutamente correcta.
- Anotarase a actitude positiva ou negativa do alumno con respecto ao uso do material tanto na aula-taller coma cos ordenadores.
- Valorarase de forma negativa a entrega dos traballos fora do prazo establecido polo profesor.
- Se os alumnos visitan páxinas que non son as indicadas polo profesor e non teñen ningunha relación coa materia ou outra materia do curso, rexistrarase no caderno do profesor coma nota negativa.
- Valorarase de forma negativa o incumprimento das normas hixénicosanitarias.

CRITERIOS XERAIS DE CORRECCIÓN DE EXAMES:

Na corrección de exames, teranse en conta e valoraranse os seguintes criterios, tanto nos exercicios teóricos como nos prácticos:

- Claridade nos razoamentos e lóxica na explicación dos contidos.
- Orde, presentación e limpeza.
- Emprego de vocabulario específico da materia
- Precisión nos cálculos numéricos.
- Faltas de ortografía e erros gramaticais.
- As preguntas teóricas deben estar ben razoadas.
- Nas preguntas a desenvolver, ademais de considerar a medida en que se axusta o contido da resposta ó que se pregunta, a valoración graduarase atendendo á claridade expositiva e á utilización axeitada dos conceptos fundamentais. Tamén se valorará positivamente a elaboración dun esquema-guión no que se resume o contido da resposta.
- No relativo ás preguntas prácticas (problemas), na valoración de cada un dos apartados nos que se pida efectuar un cálculo, terase en conta non só o resultado puntual, senón tamén a corrección (coherencia) da formulación.
- O feito de que un alumno/a sexa collido/a copiando nun exame, poderá levar consigo que a proba á cal pertenza o exame, lle sexa cualificada con un cero e expulsado do mesmo.

OUTROS CRITERIOS DE CORRECCIÓN:

Traballo realizado na aula:

- Realización e corrección dos exercicios individualmente. Será obrigatorio o uso do material de clases (caderno, folios, apuntes, boletíns de problemas, regras ...)

- Realización e corrección dos exercicios na pizarra.
- Colaboración cos compañeiros cando os traballos sexan en parella ou en grupo.

Traballos realizados na casa:

- Puntualidade na entrega, se se retrasan baixarase a nota do traballo a razón de dous puntos por día de retraso sen causa xustificada.
- Orde, limpeza, dificultade e/ou orixinalidade nos traballos.
- Emprego do vocabulario adecuado no traballo. No caso da sección bilingüe terase en conta o vocabulario da materia en Inglés.

Traballo no taller no caso de uso da aula-taller:

- Orde e traballo coas ferramentas, seguridade e hixiene, aproveitamento do material e preocupación polo material de refugallo isto reflectirase no caderno do profesor.
- Colaboración cos compañeiros na resolución de problemas.
- Obxecto rematado: aspecto, funcionamento, orixinalidade e acabado.
- Memoria que acompaña a cada proxecto na que se terán en conta:
 - Limpeza, orde e faltas de ortografía.
 - Deseños e táboas nas que se recolle o traballo feito polos alumnos.
 - Presuposto e autoavaliación que eles mesmos farán.
- Exposición oral do traballo, no que se valorará (No caso de que se fixera):
 - Claridade na explicación do traballo.
 - Fluidez e capacidade de concreción.
 - Que sexa o resultado dun traballo previo.

Traballo na aula de informática:

- Respecto polos equipos informáticos.
- Navegar por internet so nas páxinas indicadas polo profesor.
- Claridade e sencillez dos traballos entregados.
- Orixinalidade dos traballos realizados.
- Respecto polas normas hixiénico-sanitarias.

Criterios de recuperación:

Se o alumno suspende algunha avaliación/s presentarase a recuperación das mesmas que se farán ao longo do curso. Se aínda así non consegue recuperarlás farase unha última proba de recuperación final a finais de curso.

A recuperación de cadansúa avaliación consistirá nunha proba escrita (exame) dos contidos traballados na aula en cada trimestre. Puntuarase entre 0 -10 puntos, recuperando a avaliación se o alumno acada unha nota igual ou superior a 5 puntos.

A proba final abarcará os contidos impartidos nas avaliacións suspensas e o seu formato será o que o profesor considere oportuno (exame, traballo, tarefas, proxecto, etc).

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non se contempla por non impartirse esta materia en cursos anteriores.

6. Medidas de atención á diversidade

A miña programación será aberta e flexible, para poder atender á diversidade do alumnado e intentar previr ou evitar a aparición de dificultades de aprendizaxe. Para iso é importante personalizar o proceso de ensinanza-aprendizaxe e fomentar que o alumnado traballe en colaboración a fin de conseguir superar as deficiencias de cada un.

As actividades de clase deben atender principalmente ao traballo en equipo e á axuda recíproca entre os alumnos/as. Ademais o diálogo profesor-alumnos/as debe ser continuo a fin de facilitar a adaptación de determinadas actividades ó nivel de coñecementos e capacidades de cada alumno/a.

Para a atención a diversidade tentarei adoptar as seguintes medidas:

- Propor actividades e exercicios de reforzo ou ampliación aos alumnos/as que o necesiten.
- Priorizar os contidos en función dos seus intereses e motivacións.
- Partir dos coñecementos previos dos alumnos/as.
- Variedade de contidos (procedimentais, conceptuais e actitudinais)
- Tratarei de presentar os contidos interrelacionados e buscando, na medida do posible, aplicacións reais dos mesmos.
- Presentación variada do material.
- Priorizar o facer dos alumnos/as.
- Descompoñer a tarefa en pequenos pasos, do máis sinxelo o máis complexo
- Exposición do tema en grao de dificultade, resolución de problemas numéricos en grao de dificultade.
- Formar grupos de traballo heteroxéneos nas actividades da aula, con flexibilidade no reparto de tarefas e fomentar o apoio e a colaboración mutua.
- Flexibiliza-lo nivel das realizacións nos proxectos, nos que se propón dous niveis: proxectos con todos os apartados desenvolto e proxectos menos detallados, deixando incluso os contidos esenciais, posibilitando o reparto de tarefas polos propios alumnos.

En canto ao material didáctico, ademais de todo o material disponible na plataforma Edixgal, , o profesor pode facilitar material complementario de reforzo dos contidos dados (esquemas do tema, boletíns de problemas, páxinas web de consulta...). Este material poderase facilitar mediante fotocopias ou na aula virtual do centro.

Non obstante, as opcións metodolóxicas escollidas, eminentemente activas, e a variedade das actividades de aprendizaxe deben contribuír a esta atención individual ao alumno. Para casos concretos de dificultades de comprensión, o profesor tomará as medidas mencionadas anteriormente, pero de xeito específico e individualizado. Igualmente, o profesor pode realizar sesións suplementarias e individualizadas.

Se coa práctica docente diaria se observase na aula a existencia de alumnos con especiais características tales que requirisen formulacións particulares, ofrecerase a estes alumnos/as, co apoio e asesoramento do Departamento de Orientación, vías adaptadas ás súas necesidades. Estas vías específicas buscarían o máximo desenvolvemento das súas capacidades para que puidesen acceder a metas iguais ás propostas ós seus compañeiros.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X		X	X	X	X	X	
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual		X		X	X	X	X	X
ET.4 - Tecnoloxías da comunicación e da información						X	X	X
ET.5 - Emprendemento	X		X			X	X	X
ET.6 - Educación cívica	X		X	X			X	
ET.7 - Prevención da violencia	X				X	X	X	

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Análise madeira das árbores dun parque da vila	Análise das especies arbóreas perto do instituto para a súa clasificación en duras ou blandas. Tamén se reflectirá sobre os seus posibles usos industriais.
Visita á explotación mineira de Magnesitas de Rubián.	No contexto do estudo dos distintos materiais, a explotación lucense de magnesitas é moi interesante para o alumnado xa que permite ver o proceso completo de explotación dun mineral ata o seu procesamento (calcinación) e posterior venta e distribución do produto final. A tecnoloxía da instalación é punteira no seu sector.
Análise de estruturas construtivas da vila de Monforte de Lemos	Recoñecer a pé de rúa con elementos estruturais reais os contidos estudados na aula. Desta maneira se fomenta o traballo de pescuda e investigación en equipo.
Participación no programa Edutecemprende	Para dar a coñecer a realidade do tecido empresarial da provincia e dar unha perspectiva laboral despois de rematar os estudos.
Participación no programa Proxecto Terra	Posta en valor do patrimonio cultural, social, industrial e etnográfico de Galiza Norte de Portugal grazas á contribución da tecnoloxía.
Visita ao Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía da Coruña	Visita a un interesante centro didáctico-expositivo de teor interactivo, onde os alumnos do primeiro nivel da ESO poden aprender as aplicacións tecnolóxicas máis avanzadas da industria.
Visita á Fundación TIC (Lugo)	Para coñecer máis de cerca todas as posibilidades profesionais que posibilitan as ferramentas TIC.

Observacións:

É conveniente que se faga algunha actividade complementaria (dentro do horario escolar e de obrigado cumprimento) ou extraescolar (fora do horario escolar e optativas) para que os alumnos/as comprobem a aplicación práctica dos contidos.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?
Consegiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?
Consegiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado?
Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?
Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?
Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?
Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?
Usáronse distintos instrumentos de avaliación?
Dáse un peso real á observación do traballo na aula?
Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?
Como norma xeral fanase explicacións xerais para todo o alumnado
Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?
Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade
Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?
Intercálase o traballo individual e en equipo?
Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?
Incorpóranse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe
Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?
Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?
Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?

Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?
Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?
Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?
As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares
Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,... ?

Descrición:

É necesario que o profesor leve a cabo un control do seu traballo para comprobar a eficacia do mesmo, valorando a súa relación coa labor docente, co alumno/a e coa materia.

Neste caso, os doce primeiros indicadores corresponden coa avaliación do proceso de ensino, mentres que os catorce restantes teñen que ver coa avaliación da práctica docente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para alén de utilizar o apartado de "Seguimento" da aplicación Proens, faranse reunións periódicas de departamento, nas que se analizará o grao de avance na materia en relación á programación, así como diversos cambios propostos para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado.

Para cada UD comprobaranse as datas de inicio e final, a correspondencia entre sesións previstas e realizadas e o grado de cumprimento do programado para a unidade.

No caso de detectar problemas realizaranse as propostas de mellora e correccións necesarias.

Tamén se elaborará a Memoria de final de curso, onde se reflectirán os contidos impartidos da programación anual, os cambios propostos na mesma para sucesivos cursos ou quedarán reflectidos os problemas á hora de poñer en práctica o acordado na mesma.

Ademais, a modo de mecanismo de de avaliación e modificación de programación didáctica, daremos resposta ao seguinte cuestionario ao final de curso e o incorporaremos a memoria do Departamento:

- 1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?
- 2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?
- 3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?
- 4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?
- 5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?
- 6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas
- 7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?
- 8.- Asignouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?
- 9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?
- 10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?
- 11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?
- 12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?
- 13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?
- 14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?
- 15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?
- 16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?
- 17.- Fixouse para o bacharelato un procedemento de acreditación de coñecementos previos?
- 18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.
- 19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación
- 20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?

- 21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?
- 22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?
- 23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?
- 24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?
- 25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?
- 26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?
- 27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?
- 28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?
- 29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)
- 30.- Seguíuse e revisouse a programación ao longo do curso
- 31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?
- 32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?

9. Outros apartados